

RESIDENCIA CREATIVA MUSICAL

IMAXE, IDENTIDADE E RAÍZ CONTEMPORÁNEA
UN ESPAZO DE ENCONTRO, CREACIÓN E EXPLORACIÓN ARTÍSTICA

RAZO
2 - 5 MARZO 2026



RESIDENCIA CREATIVA MUSICAL

INTERRITMOS | RAICES VIVAS

É unha iniciativa que busca acompañar a artistas da música de raíz na definición da súa identidade e na súa proxección profesional.

A través de eventos polo territorio e residencias creativas, pon en valor o patrimonio cultural inmaterial dende unha ollada contemporánea, xerando espazos de encontro, reflexión e creación colectiva onde música, corpo, imaxe e identidade dialogan como parte dun mesmo discurso artístico.

· Espazo Nature ·
Razo, Carballo (A Coruña)



RESIDENCIA CREATIVA MUSICAL


OBXECTIVOS

Acompañar a artistas de música de raíz na construción da súa identidade visual e profesional.

Fomentar o encontro creativo e o intercambio entre proxectos artísticos.

Ofrecer ferramentas para a profesionalización da imaxe e a comunicación.

Impulsar a reflexión e a creación arredor da escena de raíz contemporánea.



2 marzo

Día #1 INTERRITMOS RAÍCES VIVAS

A IMAXE QUE TRAI O COMIGO



17:00 – 18:00

Benvida e distribución dos espazos.

18:00 – 19:30

Presentación experiencial | **A imaxe que me representa**

Traballo sobre a identidade artística: definición do proxecto, coherencia entre música, corpo e estética, e construción do relato e personalidade visual.

19:30 – 20:30

Conversa | **Como me ven e como quero que me vexan?**

Reflexión compartida entre profesionais e artistas arredor da percepción da imaxe artística e a construción da identidade visual e escénica dos proxectos musicais.

21:00

Cea.

RESIDENCIA
CREATIVA
MUSICAL

RAZO

2 • 5 MARZO 2026

Día #2 INTERRITMOS RAÍCES VIVAS

LABORATORIO DE IDENTIDADE VISUAL E MARCA ARTÍSTICA

10:00 – 14:00

Módulo 1 | **Identidade de marca para artistas**

Definición do proxecto artístico e coherencia entre son, corpo e estética, construíndo o relato e a personalidade visual de cada artista.

Módulo 2 | **Obradoiro sobre ideación e creación do concepto artístico**

Desenvolvendo a narrativa do proxecto musical e identificando recursos estilísticos (cores, texturas, siluetas, referencias tradicionais e iluminación) que reforzan a coherencia entre música e imaxe.

14:30

Xantar.

16:30 – 19:00

Módulo 3 | **Obradoiro de estilismo**

Deseño dun estilo persoal coherente co discurso musical, creando un mini “lookbook”, integrando tradición e pezas icónicas, e preparando moodboards individuais para a sesión fotográfica.


19:00

Conversa | **A estética da raíz contemporánea**

Posta en común sobre as ferramentas e códigos visuais a ter en conta para desenvolver a identidade visual co obxectivo de que cada quen poida extrapolalo ao seu proxecto.

21:00

Cea.



**RESIDENCIA
CREATIVA
MUSICAL** RAZO
2 • 5 MARZO 2026

4 marzo

Día #3 INTERRITMOS RAÍCES VIVAS

CORPO, PRESENZA E FOTOGRAFÍA E MATERIAIS PROFESIONAIS

10:00 – 14:00

Módulo 4 | **Corpo, xesto e presenza estética**

Exercicios individuais e grupais para fortalecer a coherencia estética en escena, movemento, mirada e ocupación do espazo.

14:30

Xantar.

16:00 – 20:30

Sesión fotográfica e videográfica profesional

Creación de retratos e materiais de press kit, afondando no storytelling visual, a colaboración creativa e o uso do espazo como parte da identidade artística.

20:30

Cea + Conversa | **Como usar a miña imaxe profesionalmente?**

Aplicación de materiais audiovisuais e ferramentas dixitais e físicas (redes sociais, EPK, dossiers, cartelería, videoclips e contido visual) para comunicar o proxecto musical.

5 marzo

Día #4


PECHE E PROXECCIÓN PROFESIONAL

10:00 - 12:00

Presentación | **Así me presento ao mundo.**
Pautas para o discurso de presentación
Avaliación e despedida.



GRAZAS



**RESIDENCIA
CREATIVA
MUSICAL** RAZO
2 • 5 MARZO 2026